

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

ANUNCIO de aprobación definitiva do estudo de detalle para a ordenación volumétrica do estadio de Riazor (expediente 631/2017/187).

O Pleno municipal, na sesión que tivo lugar o día 5 de marzo de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro. Aprobar definitivamente o estudo de detalle para a ordenación volumétrica do Estadio de Riazor. Concello da Coruña. Febreiro de 2018, promovido polo Concello da Coruña e redactado por Monteoliva Arquitectura, S.L.P.

Segundo. Ordenar a publicación e a realización dos demais trámites necesarios para a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado, de conformidade co disposto nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e correspondentes do Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro».

O contido íntegro do estudo de detalle aprobado pódese consultar no enderezo electrónico <https://www.coruna.gal/urbanismo>, na epígrafe «planeamiento/planeamiento vigente» ou ben, desde a mesma web, a través do «Visor Estado Desarrollo PGOM 2013».

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 84.1 da Lei do solo de Galicia e artigo 201.1 do Regulamento de desenvolvemento da citada lei) no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme dereito.

A Coruña, 6 de marzo de 2018

O alcalde

P.D. (Decreto do 15.6.2015)

Xiao Varela Gómez

Tenente de alcalde de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

CVE-DOG: faguoke1-xh80-zn95-mpy6-bgp5vtx57rq7

